



## NOTA DE PRENSA

**X MOSTRA DE IMPROVISACIÓN NO AUDITORIO DO CVC VALLADARES O DÍA 3 DE XANEIRO (DOMINGO) ÁS 18:30 HORAS CON ENTRADA LIBRE E GRATUITA ATA ATEIGAR O AFORO (Máximo 120 butacas), previa reserva por medio da web: valladares.tv, que tamén o retransmitirá en streaming pola canle de youtube asignada.**

A Asociación ORAL de Galicia, co apoio do Centro Veciñal e Cultural de Valladares e a financiación do área de Cultura da Deputación Provincial, quere ofrecerlle, a toda a cidadanía interesada nas tradicións populares, na oralidade, na improvisación, no enxeño verbal e a agudeza mental, a posibilidade de desfrutar dun evento no que todas estas cualidades teñen unha presencia sobranceira, xa que nel concorren todas elas da man dun feixe de expertos no seu cultivo e desenvolvemento como son:

- **REGUEIFEIROS GALEGOS: XAIRO D'herbón**, que ven de terras pementeiras, coa forza da súa xuventude por bandeira, co verbo florido, a lingua afiada e o ferrote presto para aguiroar, tal e como lle ensinou o seu pai, Pinto, do que é digno herdeiro e **MANI BRAGA**, un dos representantes máis sobranceiros do andazo de novos poetas das silveiras xurdidos nas Rías Baixas, dende que se reinstaurou esta práctica nesta área xeográfica.
- **A ROMANCEIRA ALBA M<sup>a</sup> COA BANDA SONORA DE QUECO DÍAZ**. Serán os encargados de abrir a xornada estes dous irmáns vigueses, que forman un dúo, no que, Alba M<sup>a</sup> pon todo o seu talento, que non é pouco, ó servizo da improvisación poética en formas clásicas, romances, décimas,... normalmente partindo de palabras, versos ou temas que lle propón o público presente, iso sí, o froito da súa versificación sempre son textos que procuran sacar un sorriso de quen os escoita. Queco, a guitarra, vai creando o marco sonoro a ritmo de blues, de alalá, de xota,... no que se enguedellan as verbas de Alba, que enfatiza e marca o tempo co apoio da súa pandeireta.
- **O RABELISTA MIGUEL CADAVIECO**. Este cántabro intérprete do violín tradicional, de orixe árabe, que toca sentado, é un dos salvagardas do folclóre do Val de Polaciones. É capaz de musicar todo tipo de melodías propias da súa tradición (romances, coplillas, tonadas, xotas, cantares e cancións populares para o baile,...), o seu repertorio é inabordable, pero a súa capacidade de improvisación teno levado a participar en múltiples festivais, tanto na Península como en latinoamerica, mantendo controversias con Repentistas desas procedencias, xa for en forma de cuartetas, ou de décimas. No directo, a súa interactuación cos asistentes é continua, aproveitando para contar anécdotas e historias, que fan más amena si cabe a súa, xa de por si divertida, performance.
- **OS CANTORES AO DESAFIO WALTER SÃO MARTINHO E PAULINO (O BRASILEIRO)**  
Do Alto Minho veñen estes cantores ao desafío, o primeiro deles, tamén tocador de concertina, reside en Ponte da Barca, onde ten promovido a I Marathon de Portugal, que xuntou a un bo número de practicantes do arte da desgarrada. Xa ten cantado cos melhores improvisadores lusitanos, actuando en tódalas prazas importantes do País e tamén na televisión. O segundo é reverenciado entre os practicantes da controversia, pola súa calidade na composición das cuadras, aínda que non é moi coñecido polo gran público, pois trata de manterse afastado do circuito comercial, así que, dado que non se prodiga en demasia, é para nos unha honra que se prestará a acudir a esta Mostra. Estamos certos de que ambos, coas súas características melodías e chispeantes versos, encandilarán a todos os que acudamos a velos.  
Nas tarefas de presentador e mestre de ceremonias contamos co cociñeiro, actor, comunicador e regueifeiro Mani Braga,  
Para a despedida, a ver si somos quen de poder conquerir que, cumplindo cas normas de seguridade vixentes, tódolos artistas fagan unha rolda conxunta, na que, cada un co seu estilo, nos deixen a súa impronta para que nos dure ata a edición do ano 2021.

E isto é todo. Que o desfruten!

\*Agradecemos de antemán a difusión desta nota de prensa e aproveitamos a ocasión para desexarles unhas Felices Festas de Nadal e un ventureiro ano novo.

\*Máis información no teléfono 630.914.275 (Carlos Alonso – programador)